

## Concello de Covelo

---

# ANUNCIO

### CONVOCATORIA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO NO CONCELLO DE COVELO

Ponse en coñecemento de tódalas persoas interesadas da aprobación da Bases da convocatoria de oposición libre para a provisión en réxime de interinidade dunha praza de funcionario de administración xeral, subescala administrativo no concello de Covelo.

A devandita praza está encadrada dentro do persoal funcionario de carreira na escala de administración xeral, subescala administrativo, grupo C, subgrupo C1, praza vacante.

Entre os requisitos dos aspirantes establécese o de estar en posesión ou en condicións de obtelo con anterioridade á data de presentación de instancias, do título de bacharelato, técnico ou equivalente.

As solicitudes para participar nas probas selectivas presentaranse no rexistro xeral do Concello de Covelo durante o **prazo de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria e das Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)**. Igualmente daráselle difusión no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal (<http://covelo.sedelectronica.es>).

Para mais información sobre os requisitos dos aspirantes, tribunal avaliador, temario, probas de selección e demais, **poderanse consultalas bases da convocatoria na páxina [www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es)** e nas oficinas do concello.

En Covelo a 4 de Maio de 2018.

Alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo